



CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO).

**BASES PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DE DUN COODINADOR PARA A PRESTACIÓN DA OBRA OU SERVIZO DE COORDINACIÓN DE VOLUNTARIOS E ATENCIÓN TURÍSTICA.-**

**1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA**

Constitúe o obxecto da convocatoria a provisión de DUN traballador/a para a coordinación de voluntarios e atención turística.

Formalizaráse co persoal seleccionado un contrato ata o 30 de setembro.

Serán funcións a desempeñar polos contratados, aquelas previstas no Convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia e o Concello de Portomarín para a execución e desenvolvemento do programa voluntariado xacobeo 2010 e outras labores adecuadas a atención de turistas e peregrinos en xornada partida.

**2.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES:**

Para ser admitidos/as no proceso selectivo, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser español ou nacional dun estado membro dun Estado da Comunidade Europea, nos termos sinalados na Lei 7/2007 de 12 de abril.
- b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder da idade de xubilación forzosa.
- c) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que lle son propias.
- d) Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente.
- e) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas nin atoparse inhabilitado para o desenvolvemento

## CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO).

das funcións públicas. No caso de ser seleccionado/a para o posto, acreditaráse mediante declaración formal baixo xuramento ou promesa.

f) Titulación de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou titulación equivalente.

A participación neste proceso selectivo leva consigo o cumprimento de ditos puntos.

Os requisitos anteriormente establecidos deberán poseerse polos/as aspirantes no momento da selección .

A participación neste concurso leva consigo a aceptación das bases que o regulan.

A xornada de traballo será partida con dispoñibilidade horaria.

### **3.- SOLICITUDES**

Visto que existe un Regulamento de Bolsa de Traballo do Concello de Portomarín aprobado polo Pleno da Corporación en data 05/10/09 e publicado no B.O.P núm. 275 e no Taboleiro de anuncios do Concello Procederáse a notificación telefónica dos compoñentes de dita bolsa e valoraranse os criterios establecidos en dito Regulamento do que se adxunta copia do mesmo.

Tamén se dará publicidade no Diario El Progreso.

O prazo de presentación das solicitudes será de 5 días hábiles dende o día seguinte da data de publicación, sendo a data límite o lúns día 12 ás 14 h.

A Selección terá lugar o mércores día 14 ás 10:00 h. no Salón de Actos do Concello de Portomarín data e hora na que se celebrará a proba escrita. Á que quedan convocados todos os aspirantes admitidos coa publicación destas base na páxina e no taboleiro.

Deberán presentar documentación acreditativa que probe a posesión dos méritos alegados, acompañaran copia do documento nacional de identidade. Os méritos non acreditados non documentalmente non serán tidos en conta polo Tribunal. Non concedendose tampouco prazo de subsanación en

## CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO).

relación a citada documentación. A estes efectos, a acreditación dos méritos existirá a presentación dos seguintes documentos:

- Copia título.
- Experiencia profesional: informe de vida laboral e copias dos contratos de traballo.
- D.N.I

Co obxecto de asegurar a celeridade do procedemento pola Sra. Alcaldesa dictarase resolución de admisión dos aspirantes o día seguinte hábil a aquel en que remate o prazo de presentación de solicitudes publicándose dita resolución no taboleiro de anuncios do Concello e na Páxina Web do Concello.

### **4.- ÓRGANO DE SELECCIÓN**

O Tribunal calificador encargado da valoración dos méritos para a provisión por concurso dos postos a que se refiren as presentes bases, estará composto por :

#### **Titulares:**

- **Presidente:** Dna. Alicia de Iglesia López
- **Vocais:** Dna. Margarita Viña Santos. D. Jesús Rodríguez López, D. José Antonio Varela Vázquez, e D. Ángel Manuel Castro Vázquez.
- **Secretario:** D. José Luis Vázquez Méndez (con voz pero sen voto).

#### **Suplentes:**

**Presidente:** D. Carlos Santoalla Varela.  
**Vocais:** D. Serafín Rodríguez López, D. Eduardo Fernández Arias, D. José Antonio López Pérez e D. José Antonio Somoza Castro.  
**Secretario:** D. Pablo Veiga López-Castelo.

Incorporarase como asesor, en calidade de técnico a Técnico Local de Emprego Dna. María Belén Torres García. Todo elo sen perxuixo do que poida dispoñer ao respecto o propio órgano de selección, que velará polo cumprimento dos principios de obxectividade na selección, mérito e capacidade.

## CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO).

O Tribunal non poderá constituirse nin actuar sen a asistencia de alomenos tres dos seus membros. Terá dereito o cobro das asistencias establecidas pola lexislación vixente. Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir cando concurran algunha das causas presentes na vixente lexislación.

Os membros do Tribunal valorarán os méritos debidamente xustificadas polos solicitantes, conforme o establecido no anexo I das presentes bases, quedan facultados para resolver as dúbidas que se lle presente e tomalos acordos precisos para o desenvolvemento correcto do proceso de selección.

### **5.- PROBA ESCRITA-**

O Tribunal reunirse ese mesmo día inmediatamente antes da selección para decidir as 10 preguntas que conformarán a proba e a duración da mesma.

A proba realizarase o día seguinte hábil (mércores día 14 ás 10:00 h).

### **6.- SELECCIÓN E CONTRATACIÓN.-**

Os seleccionados polo Tribunal para a provisión dun posto de carácter temporal (conforme os criterios establecidos no Anexo da presente Convocatoria) serán os que obteñan maior puntuación. Polo órgano de selección levantarase a correspondente acta e publicarase edicto no taboleiro de anuncios do Concello, no que se ordearon os candidatos por orde da puntuación obtida. Elevarase proposta ao Sr. Alcalde-Presidente, que procederá a dictar resolución ao respecto e á formalización do contrato laboral, conforme ao previsto na vixente lexislación.

### **7.- DISPOSICIÓN FINAL.-**

A presente convocatoria e cantos actos administrativos dela se deriven, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma prevista na vixente lexislación de procedemento administrativo e da xurisdicción contencioso-administrativo.

### **8.- SALARIO.-**

O/a seleccionado/a cobrará un salario de : 982,53 €/ brutos mensuais.

## CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO).

Portomarín, 30 de xuño de 2010  
A Alcaldesa,

Silvia Rodríguez Díaz

### **ANEXO I** **BAREMO DE MÉRITOS**

Os méritos alegados e xustificados polos preseleccionados polo Servizo Público de Emprego para a provisión temporal dun traballador para a obra ou servizo de **COORDINADOR DO VOLUNTARIADO E ATENCIÓN TURÍSTICA** valoraránse con arranxo as puntuacións que a continuación se relacionan:

**1.- TITULACIÓN ACADÉMICA:** 1 punto.

**2.- EXPERIENCIA PROFESIONAL:** 0.10 por mes traballado e relacionado cas funcións referentes ó posto de traballo . Ata un máximo de 3 puntos.

**3.- PROBA ESCRITA:** 10 preguntas sobre coñecementos relacionados co posto de traballo e sobre o Concello de Portomarín máximo 5 puntos.

Portomarín ,30 de xuño de 2010.

A Alcaldesa,

**CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO).**

Asdo.: Silvia Rodríguez Díaz